



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OBXECTO

O presente Prego de prescricións técnicas (PPT) ten por obxecto definir as bases que rexerán o servizo de Escola Infantil da Universidade da Coruña (UDC), situada no campus de Elviña.

PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. Descrición das instalacións

O adxudicatario prestará o servizo no edificio destinado a Escola Infantil, conforme á autorización de inicio de actividades deste centro de ensino de data 9 de febreiro de 2001, concedida pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Este edificio articúlase en dous andares e dispón de catro aulas, unha sala de usos múltiples, cociña, despensa, despachos e aseos. Un patio-xardín ao aire libre, con zonas de xogos, completa a instalación.

2. Obxectivos do servizo

Na Escola prestarase un servizo integral de educación infantil de primeiro ciclo (0-3 anos) que atenderá todas as facetas de aprendizaxe, motricidade, control corporal, primeiras manifestacións da comunicación e da linguaxe, pautas elementais de convivencia, relación social e descubrimento do contorno inmediato, coa finalidade de alcanzar os seguintes obxectivos:

- a) Descubrir e coñecer progresivamente o seu propio corpo e o dos demais, valorando as súas posibilidades e limitacións.
- b) Adquirir progresivamente autonomía na resolución das súas necesidades básicas e nas actividades habituais.
- c) Observar e explorar activamente o seu ámbito familiar, natural e social.
- d) Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara aos seres vivos e o medio.
- e) Establecer vínculos afectivos coas persoas adultas e con outros nenos e nenas, expresando e comprendendo emocións e sentimentos e desenvolvendo actitudes de interese e axuda.
- f) Adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, desenvolvendo actitudes de tolerancia e non discriminación e estratexias para resolver conflitos de forma pacífica.
- g) Participar activamente nos seus procesos de aprendizaxe, adquirindo confianza nas propias capacidades e desenvolvendo a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de se esforzar e de asumir riscos.



- h) Adquirir progresivamente a linguaxe verbal como instrumento de representación, de comunicación e de regulación da propia conduta e da dos demais.
- i) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión e representación.
- j) Iniciarse nas técnicas de traballo e hábitos intelectuais, así como en coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, a través da experimentación, a acción e o xogo.

3. Condicións para a prestación do servizo

3.1.- A Escola Infantil terá inicialmente 4 unidades para nenos e nenas de idades que estean comprendidas entre os 4 meses e os 3 anos, coa seguinte agrupación:

- 1 unidade para nenos/as de 4 meses a 1 ano (13 prazas)
- 1 unidade para nenos/as de 1 a 2 anos (13 prazas)
- 2 unidades para nenos/as de 2 a 3 anos (17 e 18 prazas respectivamente)

3.2.- Os contidos educativos especiais organizaranse en áreas que se correspondan con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantís e proxectaranse a través de actividades globalizadas que teñan interese e significado para o neno.

A metodoloxía educativa basearase nas experiencias, nas actividades e no xogo, nun ambiente de afecto e confianza.

3.3.- A empresa adxudicataria presentará un proxecto educativo da escola.

3.4.- A escola incluírá o servizo de comedor para todos os nenos e as nenas escolarizados no centro (incluíndo o servizo de almorzo, xantar e merenda). O servizo de manutención na Escola comprenderá a programación, a elaboración e a distribución dos menús, tendo en conta para iso o necesario equilibrio alimenticio e as posibles incidencias que puideren xurdir na alimentación (alerxias, intolerancias...) así como todas as actuacións tendentes a garantir as condicións e os requisitos hixiénico-sanitarios, mediante a implantación dos controis necesarios e efectuando as inspeccións bacteriolóxicas que esixa a normativa vixente en cada momento.

O servizo de comedor funcionará todo o curso escolar, de luns a venres.

3.5.- O adxudicatario na execución do contrato deberá desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Xestionar as actividades educativas e administrativas da Escola de Educación Infantil obxecto do contrato, de conformidade coa lexislación vixente, en especial no referente a:
 - o Documentación educativa



- Admisión e agrupamento dos/das nenos/as
 - Normativa de funcionamento de escolas de educación infantil
- b) Será por conta do adxudicatario o custo dos consumos de auga, gas, electricidade, teléfono e calquera outro similar. Para estes efectos, cando sexa posible, os servizos serán contratados directamente polo adxudicatario e, no resto dos casos, as subministracións serán proporcionadas pola Universidade e os seus consumos facturados ao adxudicatario en función dos datos dos contadores independentes que, en caso necesario serán instalados, correndo o custo desta instalación por conta do adxudicatario.
- c) A limpeza e o mantemento das instalacións correrán por conta do adxudicatario, que terá que as manter en condicións óptimas. O adxudicatario, antes do inicio da actividade, deberá presentar os contratos de mantemento das instalacións, subscritos con empresas debidamente capacitada para a súa execución.
- d) O servizo de recollida de residuos será realizado polo persoal da empresa adxudicataria. Os residuos e lixos depositaranse en recipientes pechados, provistos de tapadeiras e que incluirán unha bolsa de plástico desbotable que será retirada sempre que sexa necesario. Os recipientes e as súas tapadeiras limparanse polo menos unha vez ao día.
- e) O servizo de desinsectación e desratización será proporcionado pola empresa adxudicataria.
- f) O mobiliario que se instalará, o material didáctico e de oficina, así como os electrodomésticos necesarios para o funcionamento da escola correrán a cargo da empresa adxudicataria. Unha vez finalizado o contrato estarán obrigados a retirar todo o mobiliario que non foi subministrado pola Universidade, agás que se pacte coa nova empresa o seu traspaso e que a Universidade estea de acordo en seguir manténdoo.
- g) Solicitud e pagamento, se for o caso, das licenzas necesarias para o funcionamento do servizo obxecto deste contrato. Unha vez finalizado o contrato, o adxudicatario estará obrigado a traspasar sen ningún custo o código de centro ao novo adxudicatario, o cal realizará as xestións de cambio de titularidade do centro.
- h) Se ao remate do contrato (xa sexa pola finalización prevista da súa vixencia ou pola súa rescisión anticipada por calquera motivo) se producise calquera atraso no inicio da prestación do servizo por unha nova empresa, o adxudicatario estará obrigado a seguir prestando os seus servizos durante todo o tempo que sexa necesario, nas mesmas condicións pactadas e ao mesmo prezo, co único incremento do IPC en caso de que se cambie de ano. O incumprimento desta obriga implicará a perda da fianza.



- i) O servizo contratado será sometido permanentemente á inspección e vixilancia da Universidade, a través dos órganos que se determinen. En caso de deficiencias no servizo, redactarase unha acta no momento da inspección, en que constarán as deficiencias e as causas destas. Esta acta deberá ser asinada polo representante designado pola Universidade e polo/a director/a da escola, ao que se lle entregará unha copia.
- j) O adxudicatario terá permanentemente actualizado o inventario de material, tanto o subministrado pola Universidade, como o achegado por el mesmo e correrá ao seu cargo o mantemento, a reparación e a substitución.
- k) O adxudicatario deberá manter en todo momento unha caixa de primeiros auxilios de urxencias, co material debidamente actualizado.
- l) O adxudicatario non poderá realizar ningunha obra de reforma do edificio nin das súas instalacións, sen autorización expresa por escrito da Universidade. No caso de ser autorizadas, as obras de reformas autorizadas pasarán a ser propiedade da Universidade, ao finalizar o contrato, sen que o adxudicatario lle poida reclamar á Universidade por este concepto ningunha cantidade.

4. Persoal adscrito ao servizo

4.1. Para a debida atención dos/das nenos/as, o adxudicatario deberá dispoñer, como mínimo, do seguinte persoal:

- 1 director/a, que deberá estar en posesión do título de mestre -especialista en Educación Infantil.
- 1 titor/a e unha persoa contratada de apoio a media xornada para a atención da unidade de nenos de 0-1 ano.
- 2 titores/as para atender a unidade de nenos de 1-2 anos.
- 2 titores/as para atender as unidades de nenos de 2-3 anos.

Este persoal deberá posuír algunha das seguintes titulacións: mestre- especialista en Educación Infantil ou equivalente, ou Educador Infantil.

En todo caso, un dos titores deberá posuír a titulación de Educador Infantil.

Todo este persoal directamente destinado á atención e educación dos nenos deberá cubrir a xornada completa do centro.

Ademais, o centro deberá contar co seguinte persoal:



- 1 limpadora a xornada completa
- 1 nutricionista para regular e administrar a alimentación
- 1 cociñeiro/manipulador de alimentos
- 1 enfermeiro/a ou médico/a coa finalidade básica de controlar as enfermidades infecciosas
- 1 psicopedagogo/a para a atención dos/das nenos/as que o requiran

O adxudicatario indicará na súa oferta a dedicación horaria do persoal segundo as funcións encomendadas.

- 4.2. Para a súa valoración no concurso, os licitadores deberán sinalar a cualificación e a experiencia profesional dos recursos humanos destinados á prestación dos servizos obxecto do contrato.
- 4.3. Na súa oferta, os licitadores poderán incrementar o número de traballadores e, se for o caso, as horas destinadas a prestar os servizos.
- 4.4. Todo o persoal deberá estar debidamente uniformado.
- 4.5. Nos contratos que o adxudicatario realice co persoal que empregue farase constar que non ten ningunha relación laboral coa Universidade.
- 4.6. O adxudicatario comprométese a substituír o persoal do equipo que, por causa xustificada, cause baixa na prestación dos servizos por outro persoal que dispoña da mesma cualificación profesional en casos de enfermidade, vacacións, permisos regulamentarios ou calquera outro motivo. Estas substitucións poranse en coñecemento inmediato da Universidade, así como, se for o caso, o fin da substitución pola incorporación da persoa substituída.
- 4.7. O empresario terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrón respecto ao persoal ao seu servizo, que depende exclusivamente del. En consecuencia, deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo, así como calquera outra que resultase de aplicación, vixente na actualidade ou que se promulgase a partir deste momento.
- 4.8. O adxudicatario dos servizos deberá subscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil cunha cobertura de 600.000 €, por danos materiais e corporais e por prexuízos causados involuntariamente a terceiros.

A póliza deberá cubrir obrigatoriamente, como mínimo, os danos que efectivamente se produzan no ámbito das responsabilidades seguintes:



- a) A responsabilidade civil derivada do funcionamento da instalación
- b) A responsabilidade civil indirecta ou subsidiaria por actos ou omisións do persoal da instalación de que o titular teña que responder.
- c) A responsabilidade civil por danos a terceiros derivados do uso da instalación.

5. Calendario escolar e horarios

- O curso escolar comprenderá os meses de setembro a xullo, ambos os dous incluídos.
- O centro estará aberto durante todo o curso en horario das 8:00 ás 20:00 h.
- O horario de actividades pedagóxicas será das 10:00 ás 13:00 h e das 15:30 ás 18:00 h.
- Durante o mes de xullo e no período de Nadal e de Semana Santa poderase acurtar este horario por resolución da Xerencia da Universidade, por proposta dos órganos de goberno do centro.

5. Prezos unitarios máximos por servizo

Para a súa valoración no concurso, os licitadores deberán indicar os prezos unitarios que non poderán superar os indicados deseguido para cada servizo

SERVIZO	PREZO IVE EXCLUIDO	IVE	PREZO TOTAL MÁXIMO
Matricula	90,52 €	14,48 €	105,00 €
Xornada escolar de mañá (8:00-15:00 h.)	120,69 €	19,31 €	140,00 €
Escolaridade (10:00-13:00 h. e 15:30-18:00h.)	120,69 €	19,31 €	140,00 €
Media xornada mañá (9:00-13:00 h)	97,41 €	15,59 €	113,00 €
Media xornada tarde (15:00-20:00 h.)	97,41 €	15,59 €	113,00 €
Comedor	85,34 €	13,66 €	99,00 €
Merendas	30,17 €	4,83 €	35,00 €
Horas extras mensuais	9,05 €	1,45 €	10,50 €
Horas extras diarias	2,59 €	0,41 €	3,00 €

A Coruña, 25 de marzo de 2010

A vicexerente

P.O. (Resolución 16.06.2009)



María Jesús Grela Barreiro